

SGHN. Documento de posición

Emerxencia e cambio climático

SGHN manifesta a súa posición oficial sobor da emerxencia climática. A gravidade da situación fai necesarias actuacións decididas e empurrar no mesmo senso para reconducir a actual situación.

SGHN decidiu adoptar a declaración de Cedamia (Australia). Nen é a máis extensa, nen a máis esixente, pero é unha das máis integradoras. Trátase de unir, de marcar uns mínimos sen caer en detalles que fan perder o obxectivo: revertir o cambio climático.

A todos os responsables de calquera nivel de goberno.

Dado que:

Os impactos climáticos xa están causando graves perdas de vida e destruindo ecosistemas vitais.

A temperatura media mundial, os gases de efecto invernadoiro e a acidez dos océanos xa están en niveis perigosos e

As mobilizacións económicas en época de guerra demostraron a rapidez con que as nacións poden reestruturar as súas economías ante unha ameaza extrema.

É inescusable continuar coas políticas que danan o clima e que nos poñen a todos nun gran perigo. O obxectivo de limitar o aumento da temperatura a 1,5 °C con respecto ós niveis preindustriais establecido no acordo de París non é un obxectivo seguro.

Facemos un chamamento a todos os responsables políticos de calquera estamento do goberno, central, autonómico ou local de calquera índole para que:

- Declaren emerxencia climática.
- Se comprometan a ofrecer a máxima protección para todas as persoas, economías, especies, ecosistemas e civilizacións e a plena restauración dun clima seguro.
- Mobilicen os recursos necesarios e adopten as medidas efectivas á escala e velocidade necesarias.
- Transformen o actual sistema económico a un de cero emisións e contribúan de xeito xusto á redución do exceso de dióxido de carbono no aire.
- Animen a todos os demais gobernos de todo o mundo a tomar estas mesmas medidas.

No pasado alcanzáronse grandes retos cando se declararon situacións de emerxencia, coa cidadanía e os políticos de calquera opción xunguidos traballando xuntos polo ben común.

Facemos un chamamento a todos os niveis de goberno para que fagan o necesario agora.

Santiago, a 10 de outubro de 2019.